



Variación interanual porcentual do PIB (índices de volume encadeados, referencia ano 2015=100. Datos corrixiros de estacionalidade e calendario) Galicia-España 2015-2021

	% (TIT-4)	2015	2016	2017	2018	2019	2020	1T15	2T15	3T15	4T15	1T16	2T16	3T16	4T16	1T17	2T17	3T17	4T17	1T18	2T18	3T18	4T18	1T19	2T19	3T19	4T19	1T20	2T20	3T20	4T20	1T21	2T21
Galicia		2,8	3,4	1,9	3,2	1,8	-8,9	2,0	2,9	2,8	3,4	3,8	3,4	3,8	2,6	1,9	2	1,9	2,1	3,0	3,4	3,0	3,2	2,7	1,8	1,5	1,1	-3,8	-18,0	-6,2	-7,6	-2,9	17,5
España		3,8	3,1	3,0	2,4	2,0	-10,8	3,2	3,9	4,0	3,8	3,7	3,0	3,0	2,5	2,6	3,3	2,9	3,1	2,9	2,3	2,3	2,3	2,2	2,1	1,8	1,7	-4,3	-21,6	-8,6	-8,9	-4,2	17,5

Fuentes: INE (Contabilidade Trimestral), IGE



No segundo trimestre de 2021 o PIB galego incrementouse nun 3,0% respecto do trimestre anterior, o cal levou a variación do PIB galego en termos interanuais a medrar o 17,5%. En España tamén se rexistrou un incremento interanual do PIB do 17,5%, logo de que o crecemento intertrimestral do PIB español acadase o 1,1%. Este último valor ficou moi lonxe da suba do 2,8% prevista no avance do PIB estatal facilitado en xuño.

O segundo trimestre de 2021 e xa o sexto trimestre afectado pola chegada da Covid-19. O gráfico 1 amosa a evolución da variación porcentual do PIB interanual e permite facernos unha idea da magnitude do impacto da pandemia na actividade económica galega e española. Con todo, e por tratarse de circunstancias extremas que dificultan a interpretación da evolución do PIB, engadimos no gráfico 2 do índice de volume encadeado en termos absolutos, o que nos aporta unha perspectiva diferente da diminución real da actividade económica e, sobre todo, da recuperación xa producida e do que falta ata que o volume da economía galega volte a ser o anterior á chegada da pandemia. Así, e tomando como referencia o dato do índice de volume encadeado en Galicia para o conxunto de 2019 (110,66), ao peche do segundo trimestre de 2021 o volume da actividade económica galega ficaba por baixo do nivel de 2019 nun -4,0%. No caso de España, e logo do último cambio metodolóxico levado a cabo no segundo trimestre de 2021, o dato de España queda estimado en 110,80, o que fai que ao peche do segundo trimestre de 2021 o volume de actividade económica en España sexa un -6,2% inferior ao de entón.

O avance do PIB estatal para o 3º trimestre de 2021 prevé unha suba do 2,0% porcentuais en termos intertrimestrais que, en termos interanuais, suporía que o PIB estatal interanual pasaría a reflectir un crecemento do 2,7%.

Poboación activa, paro rexistrado, contratación, afiliación á Seguridade Social

Valores Poboación Activa Galicia-España, 3º Trimestre 2021

	Trimestre actual	Variación trimestre anterior		Variación mesmo trimestre ano anterior	
		Diferencia	Porcentaxe	Diferencia	Porcentaxe
Galicia	1.239,2	10,1	0,8	11,8	1,0
España	23.447,7	232,2	1,0	547,9	2,4

Fuente: Encuesta de Población Activa - INE (datos en miles)

1,0% e dun 2,4% respectivamente.

Pola súa banda, o número de persoas ocupadas en Galicia incrementouse neste trimestre en 35.800 (o 3,3%). Este incremento é o cuarto máis elevado entre o conxunto de Comunidades autónomas, por detrás do rexistrado nos arquipélagos e en Cataluña, e supera ao da media española nun punto e medio. Pola contra, en termos interanuais o incremento da ocupación rexistrado en Galicia (29.900 persoas, o 2,8%) foi inferior en 1,7 puntos porcentuais ao producido en España (854.100 persoas, o 4,5%). Estes datos levan a taxa de ocupación en Galicia no terceiro trimestre ata o 47,5%, valor inferior en 3,0 puntos porcentuais ao 50,5% de taxa de ocupación rexistrada en España no período, o que supón que o diferencial entre a taxa de ocupación galega e española reduciuse en seis décimas respecto do diferencial existente no segundo trimestre de 2021. Para rematar coa análise da EPA do terceiro trimestre de 2021, o número de persoas en paro en Galicia ficou en 126.700, o que supón unha diminución porcentual respecto do trimestre anterior no -16,9% (-25.700 persoas paradas menos). Isto fixo que a taxa de paro rexistrada diminuíra en -2,2 puntos porcentuais neste trimestre e ficase así no 10,2%, mentres que a rexistrada en España reduciuse en sete décimas ata o 14,6%, despois de que o paro diminuíse en -127.100 persoas no trimestre, co cal o número total de parados e paradas en España ao remate do trimestre foi de 3.416.700 persoas.


Os Boletíns mensuais do paro rexistrado publicados no terceiro trimestre amosan o comportamento típico deste trimestre en Galicia, con reducións do paro rexistrado en xullo en liña cos producidos no segundo, escasa variabilidade no mes de agosto e crecemento do paro rexistrado en setembro.

Paro rexistrado en Galicia por xénero e idade. 3º Trimestre 2021

3T21	Mes actual			variación mes anterior			%variación mes anterior			variación mes ano anterior			%variación mes ano anterior		
	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro
TOTAL	151.934	151.264	153.054	-5.784	-670	1.790	-3,7%	-0,4%	1,2%	-23.377	-25.687	-23.520	-13,3%	-14,5%	-13,3%
Homes	62.708	62.010	62.376	-3.182	-698	366	-4,8%	-1,1%	0,6%	-12.069	-13.115	-11.981	-16,1%	-17,5%	-16,1%
Mulleres	89.226	89.254	90.678	-2.602	28	1.424	-2,8%	0,0%	1,6%	-11.308	-12.572	-11.539	-11,2%	-12,3%	-11,3%
<30 anos	16.740	17.184	18.140	-1.241	444	956	-6,9%	2,7%	5,6%	-7.062	-7.052	-6.794	-29,7%	-29,1%	-27,2%
entre 30 e 44 anos	47.773	47.516	47.769	-1.934	-257	253	-3,9%	-0,5%	0,5%	-10.262	-10.779	-9.540	-17,7%	-18,5%	-16,6%
>44 anos	87.421	86.564	87.145	-3.325	-857	581	-3,7%	-1,0%	0,7%	-6.053	-7.856	-7.186	-6,5%	-8,3%	-7,6%
Agricultura e Pesca	5.153	5.097	5.040	-438	-56	-57	-7,8%	-1,1%	-1,1%	-892	-944	-1.231	-14,8%	-15,6%	-19,6%
Industria	17.543	17.313	17.143	-733	-230	-170	-4,0%	-1,3%	-1,0%	-1.814	-2.461	-1.750	-9,4%	-12,4%	-9,3%
Construción	11.105	11.009	10.845	-442	-96	-164	-3,8%	-0,9%	-1,5%	-2.757	-2.715	-2.496	-19,9%	-19,8%	-18,7%
Servizos	106.404	106.076	108.049	-3.847	-328	1.973	-3,5%	-0,3%	1,9%	-14.968	-15.929	-14.142	-12,3%	-13,1%	-11,6%
Sen emprego anterior	11.729	11.769	11.977	-324	40	208	-2,7%	0,3%	1,8%	-2.946	-3.638	-3.901	-20,1%	-23,6%	-24,6%

Fuente: Boletín mensual de paro rexistrado, Consellería de Emprego e Igualdade Xunta de Galicia

Gráfico 3: Variación porcentual interanual do paro rexistrado en Galicia (xaneiro de 2018 a setembro de 2021)



trimestre de 2020, a redución do paro rexistrado acadou o seu máximo no mes de agosto para os dous sexos, e o trimestre rematou con reducións do paro superiores ao -16% entre os homes e superiores ao -11% entre as mulleres. En cada mes mantívose un diferencial entre homes e mulleres na redución do paro rexistrado na contorna dos cinco puntos porcentuais a favor dos homes.

Por idades, e falando en termos porcentuais, o grupo de persoas de 30 anos ou menos é o grupo no que a redución do paro rexistrado foi maior en xullo, e tamén o grupo onde o incremento foi maior en agosto e setembro. Os grupos de idade de entre 30 e 44 e o de 45 ou máis anos tiveron comportamentos moi parellos entre si no trimestre: ambos grupos amosaron reducións de paro en xullo (aínda que por baixo do -4%) e en agosto (dunhas poucas décimas) e crecemento moi lixeiro do paro rexistrado en setembro. A redución interanual amosa unha historia ben diferente, con reducións do paro rexistrado moi claramente definidas por idades, e moito máis intensas canto menor é a idade das persoas traballadoras. Así, o descenso medio do paro rexistrado no 3º trimestre en Galicia para persoas de 30 o menos anos estivo preto do -29%, preto do -18% para persoas traballadoras entre 30 a 44 anos, e un pouco por riba do -7% para traballadores e traballadoras de 45 ou máis anos, en liña co observado no trimestre anterior.

Para rematar co análise do paro rexistrado, se nos fixamos no seu comportamento por sectores de actividade, vemos que en termos mensuais as reducións do paro rexistrado mantivéronse durante os tres meses nos sectores agrícola-pesqueiro, industrial e da construción, nos tres casos con reducións maiores en xullo e máis cativas en agosto e setembro. O sector servizos e máis o grupo de persoas sen emprego anterior pasaron de amosar descensos no mes de xullo a rexistrar lixeiros ascensos do paro rexistrado no mes de setembro. En termos interanuais, tal e como xa sucedera no trimestre anterior, tamén rexistrouse descenso do paro para cada mes e sector, destacando o comportamento das persoas sen emprego anterior, entre as que se produciron reducións en cada mes superiores ao -20%, seguido da construción e o sector agrícola-pesqueiro. O sector industrial foi o único no cal houbo meses con reducións interanuais do paro rexistrado inferiores ao -10%.

Datos de contratación en Galicia por xénero, idade, tipo de contrato e sector. 3º Trimestre 2021

	Trimestre actual	Var. trimestre anterior	% Var. trimestre anterior	Var. trimestre año anterior	% Var. trimestre año anterior
3T2021	278.018	59.839	27,4%	44.050	18,8%
Homes	144.690	29.380	25,5%	21.598	17,5%
Mulleres	133.328	30.459	29,6%	22.452	20,2%
<30 anos	96.396	26.979	38,9%	19.644	25,6%
entre 30 e 44 anos	107.593	18.641	21,0%	14.147	15,1%
>44 anos	74.029	14.219	23,8%	10.259	16,1%
Indefinido	21.551	299	1,4%	3.049	16,5%
Temporal	253.587	58.693	30,1%	39.904	18,7%
Prácticas / Formación	1.838	665	56,7%	643	53,8%
Otros	1.042	182	21,2%	454	77,2%
Agricultura e Pesca	11.380	4.536	66,3%	-979	-7,9%
Industria	43.360	3.118	7,7%	3.031	7,5%
Construción	10.618	-259	-2,4%	417	4,1%
Servizos	212.660	52.444	32,7%	41.581	24,3%

Fonte: Boletín Mensual de Contratación, Consellería de Emprego e Igualdade

contratos foi lixeiramente superior entre as mulleres á que se rexistrou entre os homes (aproximadamente uns mil contratos máis respecto dos períodos de referencia).

Por rangos de idade, de novo a contratación incrementouse máis entre as persoas traballadoras de 30 anos ou menos, tanto en termos absolutos como porcentuais, e o fixo tanto respecto do segundo trimestre como con respecto do terceiro trimestre do ano pasado. Os tramos de idade entre 30 e 44 anos e o de máis de 45 anos amosaron comportamentos similares entre si, con crecementos superiores ao 20% en termos intertrimestrais e inferiores, pero sempre por riba do 15%, respecto do acontecido fai catro trimestres.

Se atendemos aos distintos tipos de contrato asinados, o número de novos contratos incrementouse en todas as categorías, pero o incremento en contratos asinados respecto dos meses anteriores en termos absolutos se debe case que por completo á sinatura de novos contratos de carácter temporal, que medraron por riba do 30%, mentres que as cifras de novos contratos indefinidos o fixo tan só en pouco máis do 1% (Os contratos de prácticas/formación e outros incrementáronse de xeito destacado en termos porcentuais, pero trátase de categorías con moi pouco peso en termos absolutos). Al comparar cifras respecto ao acontecido no terceiro trimestre de 2021 apréciase que os incrementos porcentuais respecto do acontecido entón si que son similares neste caso para os contratos indefinidos (16,5%) e temporais (18,7%), mentres que os contratos en prácticas/formación e outros medraron en porcentaxes moi superiores.

Por sectores de actividade, e como é habitual no terceiro trimestre, o sector agrícola-pesqueiro amosa un forte incremento da nova contratación respecto do pasado trimestre, pero é o único sector no que a nova contratación diminuíu con respecto da que se produciu en 2020. O sector servizos amosou incrementos porcentuais superiores ao 32% respecto do segundo trimestre, e de case un 25% respecto ao terceiro trimestre de 2020. Pola súa banda, a industria amosou aumentos case idénticos respecto aos dous períodos de referencia analizados, e a construción foi o único sector no cal os novos contratos asinados diminuíron respecto do trimestre anterior.

Durante os tres meses do terceiro trimestre de 2021 a afiliación media en Galicia se mantivo en valores situados entre o millón trinta mil e o millón corenta mil persoas afiliadas. En consonancia coa tendencia máis habitual na serie histórica nesta época do ano, o mes de xullo produciuse un crecemento intenso da afiliación, seguido dun mes de agosto máis moderado e un mes de setembro no que a afiliación comeza a reducirse. Tamén en España o trimestre asemellouse ao que acostumar noutros anos a nivel estatal, con incrementos da afiliación nos meses de xullo e setembro e redución no mes de agosto.

En termos interanuais, e tal e como se pode apreciar no Gráfico 3 -no cal os terceiros trimestres de cada ano recollido aparecen sinalados en cor violeta neste trimestre mantívose a tendencia observada no anterior, logo de que se produciran descensos interanuais do paro rexistrado en porcentaxes que superaron con folgora o -10%, mesmo ficando preto do -15% no mes de agosto. Esta evolución do paro rexistrado en termos interanuais era previsible unha vez a comparación co ano anterior empezou a tomar como referencia os meses de confinamento.


Por sexos, neste trimestre aumentou a diferenza entre homes e mulleres rexistrados como parados, diferenza que superaba lixeiramente as 26.000 paradas máis antes de comezar o trimestre, e supera ás 28.300 paradas máis ao rematar. Isto supón que o número de mulleres rexistradas como paradas, que era o 58,2% do total cando rematou o segundo trimestre de 2021, chegou ao 59,2% ao remate do terceiro trimestre. Na comparación en termos porcentuais co terceiro trimestre anterior, entre as que se produciron reducións en cada mes superiores ao -20%, seguido da construción e o sector agrícola-pesqueiro. O sector industrial foi o único no cal houbo meses con reducións interanuais do paro rexistrado inferiores ao -10%.

Por segundo trimestre consecutivo, as distintas edicións do *Boletín mensual da contratación* para os meses do terceiro trimestre de 2021 amosan un incremento respecto do trimestre anterior por riba do 27%. Este aumento foi menos intenso se comparamos co terceiro trimestre de 2020, período respecto o cal o aumento de novos contratos ficou no 18,8%. En termos absolutos, o número de novos contratos asinados foi o segundo máis baixo nun terceiro trimestre dos últimos seis anos, tan só por riba dos asinados en 2020.

Por sexos, o número de contratos asinados a homes no terceiro trimestre foi superior ao das mulleres en máis de once mil novos contratos. Non obstante, tanto se comparamos co acontecido no trimestre anterior como co acontecido fai catro trimestres, a variación na sinatura de novos

	Afiacións media 3º trimestre 2021			Variacións											
				mes anterior						interanual					
				absoluta			relativa			absoluta			relativa		
	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro	xullo	agosto	setembro
Galicia	1.036.273	1.039.470	1.034.229	14.552	3.197	-5.241	1,42%	0,31%	-0,50%	30.605	26.676	22.430	3,04%	2,63%	2,22%
España	19.591.728	19.473.724	19.531.111	91.449	-118.004	57.387	0,47%	-0,60%	0,29%	806.174	681.348	654.722	4,29%	3,63%	3,47%

Fonte: IGE Informe de afiliación á Seguridade Social (segundo datos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social)



Se observamos o Gráfico 4 vemos que a tendencia ao crecemento en termos interanuais da afiliación que comezou no mes de abril proseguíu nos tres meses do terceiro trimestre tanto en Galicia como en España. Porén, o crecemento ven de ser menos intenso que no mes anterior para cada un dos meses do trimestre.

Dado que durante o período observado as variacións anuais, tanto en valores absolutos como porcentuais seguen a estar influenciadas polo excepcional dos meses que se toman como punto de partida na comparación, cómpre destacar que o mes de agosto de 2021 foi o primeiro mes desde a declaración do primeiro Estado de Alarma no que a afiliación media supera á rexistrada no último mes análogo previo á pandemia, con 2.500 persoas afiliadas máis en agosto de 2021 que en agosto de 2019. No mes de setembro de 2021 esta tendencia se viu reforzada, xa que a afiliación media superou á de setembro de 2019 en 4.700 persoas.

Sinistralidade

Á data de peche deste Boletín, aínda non foron facilitados polo ISSGA datos de accidentes con baixa posteriores aos do ano 2020, datos xa recollidos en pasadas edicións.

Aínda que o análise da *Estadística de Accidentes de Trabajo* elaborada polo Ministerio de Traballo e Economía Social non permite, á diferenza das estatísticas facilitadas polo ISSGA, facer unha distribución dos accidentes en función da súa gravidade por sectores de actividade, si que nos permite avaliar a evolución temporal da sinistralidade. Así, se tomamos como referencia á evolución ata o mes de setembro de 2021, último dato facilitado polo Ministerio, a sinistralidade por accidentes de traballo en Galicia aumentou nun 13,0%. Esta tendencia ven sempre marcada polos accidentes leves, moito máis numerosos, pero neste caso tamén se ve acompañada pola evolución dos accidentes graves, que se incrementaron nun 6%. Pola contra, os accidentes mortais diminuíron máis do -22% neste período.

Accidentes con baixa en xornada laboral por gravidade en Galicia (Xaneiro-Setembro 2020-2021)

	2020	2021	% Var
Leves	16.098	18.224	13,2
Graves	282	299	6,0
Mortais	45	35	-22,2
Total	16.425	18.558	13,0

Fonte: *Estadística de accidentes de trabajo* Ministerio de Traballo e Economía Social

Accidentes con baixa en xornada laboral e índices de incidencia por sectores de actividade en Galicia (Xaneiro-Setembro 2020-2021)

	Accidentes con baixa en xornada			Índices de incidencia		
	2020	2021	% Var	2020	2021	% Var
Agric.-pesca	1.473	1.479	0,4%	314	318	1,6
Industria	5.160	4.872	-5,6%	398	376	-5,6
Construción	2.523	2.910	15,3%	375	418	11,5
Servizos	7.269	9.297	27,9%	114	143	25,4
Total	16.425	18.558	13,0%	187	208	11,1

Fonte: *Estadística de accidentes de trabajo* . Ministerio de Traballo e Economía Social

No que atinxe á evolución por sectores de actividade, a faciana máis positiva a amosa a industria, onde se observa unha redución da sinistralidade por riba do -5%. No sector primario produciuse un número de accidentes case que idéntico aos que tiveron lugar no mesmo período de 2020, mentres que é na construción (máis do 15%), e sobre todo no sector servizos (case o 28%), onde se rexistra un incremento destacado da sinistralidade. No que se refire aos índices de incidencia o comportamento é similar, cunha lixeira corrección á baixa nos incrementos producidos na construción e nos servizos respecto aos valores absolutos antes comentados.

Para contextualizar estes resultados é necesario insistir no feito de que a sinistralidade laboral tomada como referencia é a do atípico ano 2020.

Conflitividade

Folgas realizadas, persoas traballadoras participantes e xornadas non traballadas Galicia-España (Xaneiro-Xullo 2021)

	Folgas		Persoas traballadoras participantes		Xornadas non traballadas	
	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior
Galicia	31	15	4.906	-891	13.072	6.035
España	398	126	99.941	43.031	256.394	-20.814

Estadística de huelgas y cierres patronales. Ministerio de Traballo e Economía Social

(datos provisionais - non inclúen folgas xerais)

máis dun 93%, fronte a un incremento do 46% en España. As dúas porcentaxes son superiores ás observadas na anterior edición do Boletín. No que atinxe ao número de persoas traballadoras participantes en folgas, se ben o seu número segue a ser inferior ao do ano 2020, a porcentaxe de diminución pasa do -58% en maio ao -22% en xullo, mentres que en España as persoas traballadoras participantes en folga entre xaneiro en xullo aumentou en case un 92% fronte ao mesmo período de 2020, incremento que no mes de maio era tan só do 5%. Para rematar co análise da conflitividade, as xornadas non traballadas en Galicia incrementáronse de xaneiro a xullo de 2021 en máis do 85% (en maio o incremento era do 26%) mentres que en España as xornadas non traballadas por folgas ata xullo de 2021 reducíronse en menos dun -9% respecto ao ano anterior (en maio, a redución era do -25%)

Con todo, e para afondar no efecto das restricións á mobilidade e á actividade no que atinxe á conflitividade no período de 2020 respecto ao cal estamos a comparar os datos deste ano hai que engadir que, se comparamos os datos da conflitividade por folga en 2021 fronte ao mesmo período de 2019 atopamos reducións moi acusadas para todas as variables analizadas.

Expedientes de Regulación de Emprego

Os últimos datos relativos aos ERE dispoñibles na páxina web da Consellería de Emprego e Igualdade son os correspondentes a Decembro de 2019, motivo polo que pasamos a analizar os facilitados polo Ministerio de Traballo e Economía social na súa *Estadística de Expedientes de Regulación de Empleo*, máis actualizados.

Os datos facilitados na *Estadística* de xaneiro a agosto de 2021 amosan diminucións drásticas no número de persoas traballadoras en ERE de suspensións de contratos e de redución de xornada tanto en Galicia (o -96,0%) como en España (o -95,4%), diminucións cuxa intensidade deriva do acusado descenso do número de traballadores e traballadoras en ERTE respecto das persoas afectadas por eles ao remate do mes de agosto de 2020.

Se observan incrementos porcentuais importantes se atendemos ás persoas afectadas por ERE de despedimentos colectivos: así, as persoas traballadoras inmersas nestes expedientes nos oito primeiros meses do ano foron 1.496, un aumento do 115,2% respecto do mesmo período no 2020. O incremento en España nesta variable e período foi moi similar en termos porcentuais (o 114,2%) tras afectar as 11.532 persoas traballadoras.

Os datos facilitados polo IGE no que atinxe aos Expedientes de Regulación Temporal de Emprego (ERTE) a partir dos datos de afiliación á Seguridade Social indican que, logo de que o número de persoas traballadoras en ERTE acadara o máximo de 2021 no mes de febreiro con 46.665 persoas afectadas por eles, o seu número foise reducindo mes a mes. Así, as persoas afectadas por ERTE notificadas a 30 de setembro de 2021 eran 9.842, o que supón unha redución do -47,7% con respecto ao número de persoas afectadas por ERTE tres meses atrás (18.779 persoas). Esas 9.842 persoas supoñen o 6,5% respecto do máximo absoluto acadado a 30 de abril de 2020, momento no que o seu número ascendía a 150.281 persoas traballadoras en ERTE en Galicia.

Custos laborais e salariais

Custos laborais e salariais. Galicia. 2015-2021

	Custo laboral por persoa traballadora e mes		Custo laboral por hora efectiva		Custo salarial por persoa traballadora e mes		Custo salarial por hora efectiva	
	Euros	%var. int.	Euros	%var. int.	Euros	%var. int.	Euros	%var. int.
2015	2.246,2	-0,7	17,2	0,3	1.649,0	-0,3	12,6	0,8
2016	2.248,3	0,1	17,4	1,3	1.655,0	0,4	12,8	1,5
2017	2.288,9	1,8	17,7	1,4	1.687,4	1,4	13,0	1,6
2018	2.313,2	1,1	17,9	1,3	1.711,5	1,4	13,1	0,8
2019	2.403,1	3,9	18,7	4,2	1.812,2	5,9	13,7	4,6
2020	2.361,9	-1,7	19,6	4,8	1.738,8	-4,1	14,3	4,4
1T15	2.175,0	0,2	16,1	1,8	1.582,0	0,6	11,7	2,4
2T15	2.249,0	-2,1	16,7	-2,2	1.635,8	-2,2	12,2	-2,2
3T15	2.196,2	-0,4	17,5	-0,2	1.601,9	0,0	12,8	0,2
4T15	2.370,6	-0,3	18,3	1,9	1.775,8	0,4	13,7	2,7
1T16	2.203,1	1,3	16,8	4,3	1.596,2	0,9	12,2	3,7
2T16	2.232,7	-0,5	16,4	-1,9	1.640,6	0,3	12,0	-1,2
3T16	2.213,6	0,8	18,0	2,7	1.624,0	1,4	13,2	3,3
4T16	2.343,7	-1,4	18,3	-0,1	1.759,1	-0,9	13,8	0,1
1T17	2.209,8	0,3	16,1	-4,2	1.610,0	0,9	11,7	-3,6
2T17	2.259,7	1,2	17,1	4,3	1.662,6	1,3	12,6	4,4
3T17	2.258,4	2,0	18,4	2,3	1.651,6	1,7	13,4	2,0
4T17	2.427,6	3,6	19,0	3,8	1.825,5	3,8	14,3	4,0
1T18	2.245,6	1,6	17,0	5,4	1.630,8	1,3	12,3	5,0
2T18	2.301,9	1,9	17,0	5,4	1.699,6	2,2	12,4	-0,9
3T18	2.287,6	1,3	18,6	1,1	1.699,6	0,9	13,5	0,7
4T18	2.417,6	-0,4	19,0	-0,4	1.815,9	-0,5	14,2	-0,5
1T19	2.318,0	3,2	17,3	1,8	1.863,0	3,2	12,4	1,8
2T19	2.400,3	4,3	18,4	7,0	1.777,0	4,6	13,6	9,6
3T19	2.360,5	2,8	19,2	3,7	1.712,7	2,8	14,0	3,7
4T19	2.533,5	4,8	19,8	4,2	1.896,2	4,4	14,8	3,9
1T20	2.324,5	0,3	18,0	4,0	1.693,3	1,8	13,1	5,6
2T20	2.264,8	-5,6	20,6	11,9	1.668,8	-6,1	15,2	11,4
3T20	2.307,8	-1,8	19,3	0,3	1.693,4	-1,1	14,2	1,0
4T20	2.550,5	0,7	20,4	3,3	1.899,9	0,2	15,2	2,8
1T21	2.324,3	0,0	18,4	2,3	1.690,7	-0,2	13,4	2,1
2T21	2.495,4	10,2	19,5	-5,4	1.853,0	11,0	14,5	-4,7

Fuente: INE (Encuesta trimestral de coste laboral)

A Encuesta Trimestral de Coste Laboral elaborada polo INE para o segundo trimestre de 2021 sitúa o valor medio do custo laboral por persoa traballadora e mes en Galicia en 2.495,40 €/mes, valor que supera nun 10,2% ao rexistrado fai catro trimestres. En comparación, o custo laboral medrou en España nun 13,2%, tras acadar os 2.767,40 €/mes, co que o custo laboral en Galicia foi un -9,8% inferior ao da media española, e o diferencial entre Galicia e España se reduce nun punto respecto do trimestre pasado.

O custo salarial en Galicia incrementouse nun 11% respecto ao segundo trimestre de 2020, acadando os 1.853,00 €/mes, o que racha coa tendencia decrecente desta variable en meses anteriores. Pola súa banda, en España o custo salarial por persoa traballadora en mes medrou nun 14,4% interanual no trimestre, e ficou en 2.064,40 €/mes, polo que a diferenza entre o custo salarial por persoa traballadora en Galicia respecto a España mantense un novo trimestre no -11,4%.

Porén, e a pesares de que en valores absolutos os custos salariais ou laborais subiron en Galicia, o incremento do número de horas traballadas respecto aos intervalos de referencia fixo que os custos por hora efectiva descenderan con forza. No caso dos custos laborais, diminuíron nun -5,4% interanual en Galicia, mentres que os salariais se reduciron nun -4,7% interanual. Estes descensos foron superiores aos rexistrados en España para os mesmos períodos de referencia en -5,2 e -4,1 puntos porcentuais, respectivamente.

Sociedades constituídas, disolvidas e ampliacións de capital

Sociedades mercantís creadas ou que amplían capital, 3º Trimestre 2021

	Dato do trimestre		Var. absoluta núm. sociedades constituídas respecto ao trimestre pasado	%variación de capital respecto ao trimestre pasado	Var. absoluta núm. sociedades respecto ao mesmo trimestre do ano pasado	%variación de capital respecto ao mesmo trimestre do ano pasado
	Núm. sociedades	Capital (miles €)				
Sociedades constituídas	856	60.566,7	-314	42,6%	44	-66,5%
Sociedades que ampliaron capital	258	71.939,2	-23	-26,7%	12	-42,3%

Fuente: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

Os datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME) para o terceiro trimestre de 2021 indican que se detivo o crecemento na creación de sociedades mercantís que se constituían, crecemento que se viña producindo desde a segunda metade de 2020. Porén, a diferenza do acontecido no pasado trimestre, no que se rexistraron diminucións do capital invertido en novas sociedades, o

capital invertido neste trimestre foi superior ao invertido no trimestre pasado en case un 43% pese a que o número de sociedades constituídas diminuíu en case o 27%. Engadir que, aínda que as sociedades constituídas no trimestre aumentaron lixeiramente respecto ao terceiro trimestre de 2020 (por riba do 5%), o capital nelas invertido foi tan só un terzo do invertido naquel trimestre.

As sociedades que ampliaron capital diminuíron tanto no seu número (redución de máis do -8%) como no capital invertido nelas no pasado trimestre, (case que un -27% menos de capital destinado a ampliacións). Fronte ao que acontecera no terceiro trimestre de 2020, o capital ampliado reduciuse por riba do -42%, pero o número de empresas que ampliaron capital neste último trimestre foron 12 máis que as que o fixeron no mesmo trimestre en 2020 (un aumento de case un 5%).

Sociedades mercantís disolvidas, que reducen capital ou en situación concursal, 3º Trimestre 2021

	3T21	2T21	3T20
Sociedades disolvidas	266	323	223
Sociedades que reducen capital	58	64	48
Sociedades en situación concursal	52	81	53

Fuente: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

Tanto o número de empresas disolvidas como aquelas que reduciron capital diminuíu no terceiro trimestre de 2021 respecto do trimestre anterior. Así, o número de sociedades disolvidas neste pasado trimestre foi inferior en máis dun -17% fronte ao segundo trimestre do ano, se ben incrementouse en máis dun 19% respecto ao terceiro trimestre de 2020. No que atinxe ás sociedades que reduciron capital, a diminución intertrimestral superou o -9%, mentres que o incremento interanual ficou preto do 21%. Porén, o número de empresas que foron a concurso de acredores reduciuse en case que un -36% en termos intertrimestrais e reduciuse tamén, aínda que moi pouco (menos do -2%) respecto do terceiro trimestre de 2020. Ademais, rexistráronse tres procesos de escisión de empresas, dous menos que no pasado trimestre, mentres que os procesos de fusión foron 17, cinco máis das rexistradas no segundo trimestre de 2021.

Actividade do Consello Galego de Relacións Laborais

Dentro da súa función consultiva, e unha vez rematado o terceiro trimestre de 2021 a Comisión Delegada de Ditames emitiu 37 ditames sobre normativa laboral autonómica, 21 máis dos emitidos no período correspondente do ano 2020.

No que atinxe á súa función de apoio á negociación colectiva en procedementos de solución extraxudicial de conflitos colectivos de traballo, nos primeiros nove meses de 2021 tiveron entrada no AGA 79 solicitudes de expedientes de mediación ou arbitraje, 27 máis das rexistradas nos tres primeiros trimestres de 2020. En 54 deles todas as partes en conflito aceptaron levar a cabo mediación ou arbitraje. A porcentaxe daqueles expedientes aceptados polas partes e xa rematados con acordo fica por riba do 70%, porcentaxe inferior en varios puntos aos resultados obtidos en anos anteriores. Para rematar, e sen abandonar o eido do apoio á negociación colectiva galega, sinalar que durante o terceiro trimestre asinou o novo Convenio colectivo galego do sector de aparcadoiros e garaxes de superficie, negociación que contou coa asistencia técnica deste Consello.

Pode consultar información máis específica da situación da negociación colectiva galega no Boletín da Negociación Colectiva deste Consello: <https://www.cgri.gal/publicacions-2/negociacion/boletin-do-observatorio-de-negociacion-colectiva/>